

Concello de Ponteareas

Expediente núm.: 2147/2019

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Seleccións de Persoal "LIÑA 3.- EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E O FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA RECTIFICANDO ERRO MATERIAL DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA APROBANDO A CONVOCATORIA E AS BASES que rexen os procesos de Selección da LIÑA 3.- EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E O FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS

Vista a Resolución de Alcaldía de data 15/3/2019 aprobando a convocatoria e as Bases que rexen os procesos de Selección da LIÑA 3.- EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E O FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS

- Bases Selección 1 Axudante de Cociña, 2 Auxiliares de Clínica, 2 Limpadoras, 4 auxiliar administrativo/a.

Visto que no apartado 7.- Proceso de Selección, no punto "proba práctica obrigatoria e eliminatoria" das mencionada Bases, para os postos de 4 auxiliar administrativo/a, figura "Para a realización desta proba, o Tribunal elaborará un cuestionario de 20 preguntas sobre os devanditos temas, con 3 alternativas de resposta existindo só unha correcta. Cada resposta correcta puntuará 0,30 puntos. As respostas en branco e/ou incorrectas non puntuarán."

Esta Alcaldía en base ás competencias establecidas na Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réxime Local e ao artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Pública, onde se establece que as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos,

RESOLVO

PRIMEIRO. Modificar as Bases que se relacionan de seguido no seu apartado 7.- Proceso de Selección, no punto "proba práctica obrigatoria e eliminatoria" das mencionada Bases, para os postos de 4 auxiliar administrativo/a, onde di: "Para a realización desta proba, o Tribunal elaborará un cuestionario de 20 preguntas sobre os devanditos temas, con 3 alternativas de resposta existindo só unha

correcta. Cada resposta correcta puntuará 0,30 puntos. As respostas en branco e/ou incorrectas non puntuarán.” debe dicir: “Para a realización desta proba, o Tribunal elaborará un cuestionario de 20 preguntas sobre os devanditos temas, con 3 alternativas de resposta existindo só unha correcta. **Cada resposta correcta puntuará 0,15 puntos.** As respostas en branco e/ou incorrectas non puntuarán.”

SEGUNDO.- En todo o non tocante nesta Resolución as Bases quedan tal e como foron aprobadas por Resolución da Alcaldía de data 15/3/2019.

TERCEIRO.- Publicar esta Resolución de Modificación na web do Concello <http://ponteareas.sedelectronica.gal>,

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE